


PROXECTO DE FOMENTO DO USO DO GALEGO



**Equipo de Dinamización da Lingua Galega
CEIP Marquesa do Pazo da Mercé-As Neves
Curso 2020-21**

ÍNDICE

| | |
|---|---|
| <u>1. INTRODUCCIÓN</u> | 3 |
| <u>2. ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO</u> | 3 |
| <u>3. OBXECTIVOS</u> | 4 |
| <u>4. ACTIVIDADES PARA FOMENTAR O USO DO GALEGO NO CENTRO</u> | 5 |
| <u>4.1.CELEBRACIÓNS</u> | 5 |
| <u>4.2.OUTRAS ACTIVIDADES</u> | 6 |
| <u>5. ACTIVIDADES EN COLABORACIÓN CON OUTRAS ENTIDADES.</u> | 6 |

1. INTRODUCCIÓN

O noso centro, a través do Equipo de Dinamización da Lingua Galega, e en colaboración co profesorado, alumnado e familias, pretende fomentar o uso da lingua galega continuando coas campañas e actividades en galego, que para tal fin viñamos desenvolvendo en cursos anteriores, e con actividades reforzadoras do uso do galego, a nivel oral sobre todo, en relación á situación lingüística actual.

O equipo está formado polas seguintes mestras:

Lourdes Lista Neira (coordinadora)
M^a Isabel Vázquez González
Jésica Lorenzo Cames
Cristina Morais Blanco
Pilar Calvo Silva

2. ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO

O último estudo realizado para coñecer a situación sociolingüística do noso centro foi levado a cabo no curso 2015-2016. Naquel momento sacáronse as seguintes conclusións:

- A competencia lingüística a nivel oral está en claro retroceso, mentres que na escrita é equiparable ao castelán.
- Moitas familias o empregan o galego nas súas relacións familiares, fundamentalmente entre os adultos da mesma, aínda que en distintos niveis de uso: a lingua na que se dirixen as persoas adultas aos nenos e nenas é maioritariamente o castelán, e tamén, unha boa maioría dos/as cativos/as empregan o castelán única ou maioritariamente na súa fala cotiá.
- Reprodúcese unha situación lingüística cuns trazos claramente diglósicos, que fan que o alumnado, aínda sendo competente no uso do idioma, polo coñecemento familiar e escolar do mesmo, non o emprega nas súas relacións espontáneas.

O que vimos observando nas aulas nos cursos que pasaron dende entón, é que a situación non mellora. Poucos alumnos/as empregan o galego como lingua espontánea.

Trataremos de mellorar esta situación e acadar, cando menos, que o alumnado galegofalante non perda a oralidade na súa lingua e fomentando que o alumnado castelanfalante vaia empregando cada vez máis o galego, como mínimo, nas actividades escolares.

Tamén se tratará de equiparar a adquisición de competencias lingüísticas nas dúas linguas cooficiais.

3. OBXECTIVOS

- Potenciar o uso do galego e mellora da competencia lingüística dos membros da comunidade educativa, principalmente do profesorado e do alumnado, e fundamentalmente a nivel oral.
- Fomentar a valoración positiva da lingua galega, favorecendo a presenza da realidade galega na aula, no centro e no entorno educativo.
- Propiciar a valoración da nosa cultura e da nosa lingua como riqueza persoal.
- Coñecer persoas galegas que teñen relevancia a nivel mundial e que defenden a súa lingua e a súa cultura.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Impulsar o uso do galego a través do coñecemento de “**persoas galegas ilustres**”
- Conseguir para a lingua galega máis funcións sociais e máis espazos de uso.
- Realizar as reunións necesarias do EDLG para programar actividades tendentes á mellora do uso da lingua galega no centro.
- Potenciar a realización de actividades que fomenten o uso do galego tanto na lingua oral como na escrita (poemas, artigos para a revista, traballos de investigación....).
- Implicar a todo o profesorado no uso do galego mediante a participación nas actividades programadas.
- Fomentar a participación das familias nas actividades que se programen dende o centro en relación coa temática a traballar.
- Valorar e sacar proveito dos coñecementos que a xente de maior idade ten sobre as tradicións e a cultura popular.
- Aproveitar o uso das TICs para poñer en contacto a nenas e nenos coa nosa lingua.
- Participar nos programas do uso do galego que programen as distintas institucións.
- Espertar o interese do alumnado pola literatura e a música galega, monumentos, arte, tradicións, plantas...

- Usar a Web do centro como medio de difusión dos proxectos propostos dende o Equipo Dinamización da Lingua Galega, e como un medio máis de aproximación ao galego.

4. ACTIVIDADES PARA FOMENTAR O USO DO GALEGO NO CENTRO

4.1. CELEBRACIÓNS

Durante este curso organizaremos as seguintes celebracións:

Samaín

Para esta celebración proporáanse as seguintes actividades:

- “Cociña de medo”. Dadas as circunstancias, só se recollerán receitas que despois poidan compartir para elaborar nas súas propias casas. Con elas publicaremos un libro que quedará na biblioteca do centro.
- Contacontos de medo en galego a nivel de aula.
- Traballo de investigación: o significado desta celebración.
- Elaboración traballos manuais relacionados co Samaín: cabazas, meigas, fantasmas...
- Cantares de Samaín

Magosto

Para esta celebración proporáse a realización das seguintes actividades:

- Xogos populares: carreiras da culler coa castaña, “comecastañas” (cada neno/a elaborará o seu)
- Asado de castañas
- Comida convivencia no patio.(se puidera ser)
- Elaboración de recipientes para as castañas nas aulas.

Día de Rosalía

- Nas aulas traballarase algunha obra da autora, chegando a memorizala.

Día das Letras Galegas

- Realizaranse actividades nas aulas para conmemorar o autor
- Lecturas relacionadas co autor/a
- Outras actividades aínda por concretar.

OUTRAS ACTIVIDADES

- Editaremos o nº 21 da revista **CATAVENTO**.

Neste ano as achegas serán libres. Cada curso entregará aqueles traballos que considere representativos do traballo na aula. Calquera temática é benvida para mostrar o que sucede nas aulas ao longo de todo o curso.

- Fomentarase o uso do galego en toda a cartelería do centro.
- Fomentarase a elaboración de materiais en galego sobre persoas galegas que destacaron en diversos ámbitos e levaron o galego polo mundo.
- Faranse contacontos ao longo do curso para que os nenos valoren a riqueza literaria que temos.
- Memorizaranse poemas de diversos autores.
- Fomentarase o uso do galego tanto oral como escrito nas actividades creativas do alumnado
- Fomentarase o traballo sobre algún artista galego en educación artística.
- Daranse a coñecer ao alumnado autores e autoras galegos para animalos á lectura das súas obras.
- Publicaranse na Web todas as actividades realizadas co fin de fomentar o galego no centro.
- Faranse saídas ao teatro de afundación nas que as obras estean en lingua galega.

5. ACTIVIDADES EN COLABORACIÓN CON OUTRAS ENTIDADES.

- Participarase en actividades do Concello que teñan como fin fomento do uso do galego e a concienciación da nosa cultura.
- Se, coma outros anos, a editorial Xerais nos ofrece algunha lectura en galego e unha obra de teatro tratarase de participar.

- Participarase en actividades en galego propostas por Afundación.
- Na medida do posible tratarase de participar en actividades de fomento do uso do galego que se comuniquen ao centro.